



## CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1  
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE NÚMERO CATROCENTOS OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRECE DE AGOSTO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día trece de agosto de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D<sup>a</sup> Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González. Asiste como Secretaria a da Corporación D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz e D<sup>a</sup>. Dolores Sartal Alvariñas en calidade de interventora acctal; escusan a non asistencia os concelleiros D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Irene Ligero Iglesias e D. Manuel Domínguez Álvarez; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declarárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3153. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- De conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se presta aprobación ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, procédese como primeiro punto da orde do día a elevar á consideración do Pleno a ratificación da urxencia dos dous puntos incluidos na orde do día, dada necesidade de celebrar esta sesión coa finalidade de adoptar os correspondentes acordos, se así procede, referentes á adjudicación provisional das obras incluidas e definidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" obxeto de tramitación urgente para poder xustificar en tempo e forma a anulidade imputable ao exercizo 2008 da Subvención outorgada pola Consellería de Cultura e Deporte así como a fixación dos servizos esenciais a prestar pola empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos

urbanos, limpeza viaria e desratización do Concello de Poio ante a convocatoria de folga indefinida do Comité de Empresa de CESPA SA.

Sometido a votación ordinaria, e polo voto favorable dos catorxe membros presentes sendo dazasete o seu número legal, o Pleno acordou ratificar a urxencia da convocatoria.

3154. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS COMPRENDIDAS DENTRO DO PROXECTO DE CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- Iníciase o exame deste punto da orde do día dando lectura pola Secretaría ao dictame da comisión informativa de facenda, gobernanza e contas celebrada con carácter extraordinario urxente o 12 de agosto de 2008:

"1º.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS COMPRENDIDAS DENTRO DO PROXECTO DE CASA DE CULTURA DE RAXO.- Neste punto da orde do día dase conta das actuacións realizadas en execución do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada con data 25 de xuño do 2008 no que se presta aprobación ao expediente de contratación por procedemento negociado con publicidade, tramitación urxente.

Así mesmo dase conta da Acta da Mesa de Contratación celebrada o 12 de agosto do 2008:

**"ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CON PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE URXENTE DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE "EXECUCIÓN CASA DE CULTURA DE RAXÓ"**

No Salón de Sesións do Concello de Poio sendo as dez horas e dez minutos do doce de agosto do dous mil oito reúñese a Mesa de Contratación correspondente ao procedemento negociado sen publicidade , tramitación urxente, correspondente ás obras comprendidas no proxecto "EXECUCIÓN CASA DE CULTURA DE RAXÓ" coa asistencia de D. Francisco Piñeiro Murillo en calidade de Presidente, e actuando como vogais, a interventora accidental, Dª Dolores Sartal Alvariñas; a secretaria xeral, Dª Paula Ramos Díaz,; o concelleiro delegado de medio ambiente, D. Gregorio Agís López e o arquitecto técnico municipal, D. Fernando Sevilla Ricote, actuando como Secretaria, Dª Mercedes Cochón López.

En execución do acordado pola Mesa de contratación celebrada con data 31 de xullo do 2008, con data 4 de agosto do 2008, número rexistro de saída 2007, remítense requerimento de aclaración do contido e finalidade das melloras ofertadas por canto distintas empresas admitidas a licitación con concretan o seu ámbito sen por tanto definir os concretos termos e presupuestación das mesmas, sen que por tanto podan ser valoradas na súa xusta medida, seguindo os criterios marcados no Prego de cláusulas administrativas particulares ( cláusula 14), aprobado polo órgano de contratación.

Rematado o prazo de tres días hábiles outorgado, dase traslado aos redactores do proxecto e a arquitecta municipal da documentación presentada para que emitan informe técnico, sendo

evacuados con data 11 e 8 de agosto do 2008.

No informe emitido polos redactores do proxecto faise constar expresamente:

"..." .

El criterio utilizado para la puntuación de las mejoras ha sido el especificado en el pliego de contratación del ayuntamiento. De esta forma, se ha puntuado con hasta un máximo de cinco puntos a la empresa que destina mayor cantidad de dinero a mejoras, siempre y cuando estén descritas en el citado pliego, y calculando mediante regla de tres la puntuación para el resto de las ofertas. No se ha condicionado las puntuaciones al tipo de mejora ofertada dado que el pliego no lo especifica así.

No obstante, y solo a juicio de esta dirección facultativa, se recomienda utilizar el importe de estas mejoras, preferentemente, para aumentar la superficie del acabado de piedra en fachada (que en mediciones del proyecto es de 467 m<sup>2</sup>) o en las soluciones de protección exterior de la fachada.

"..." .

Pese a elo e en contra do seu propio criterio non adxudican ou especifican coa debida preferencia en puntuación as melloras en acabado exterior sobre as outras dous posibilidades previas nos pregos, control térmico e acabado interior.

Descoñecen ademais outro problema que presentan dous das melloras ofertadas polas empresas JOSYBEN, S.L. e OUTON, S.L.U., quen a pesar do requerimento efectuado volven a remitir una documentación que non permite cuantificar dentro do total ofertado en euros o destinado a cada apartado contemplado nos pregos remitíndose incluso a posteriores negociacións coa corporación e a dirección facultativa.

Así na proposta remitida con data 5 de agosto do 2008 por JOSYBEM, S.L. díse de forma literal:

"..." .

Estas mejoras propuestas por JOSYBEM, S.L. con el importe presentado en la oferta, son susceptibles de cambios a criterio de la propiedad y la D.F. por otras unidades ó partidas que se estimen más necesarias ó preferentes

"..." .

O informe emitido pola arquitecto municipal con data 8 de agosto do 2008 sinala:

"Informe sobre as melloras presentadas polos licitadores no concurso para adxudicación das obras de construcción da casa de cultura de raxó

Tras o primeiro exame das dez propostas presentadas no que se analizou en primeiro lugar as melloras ofertadas (causa de exclusión de tres das empresas por non ofertar melloras) e, seguidamente, o prazo de execución e o prezo ofertados (causa de exclusión dunha empresa por ofertar un prezo maior ó tipo), resultaron seleccionadas as seguintes seis empresas: Josybem, S.

L; Novolar de Arousa, S.L; Arias Hermanos, S.A; Covsa; Outón, S. L.U.; Terrauga, S. L.

Posteriormente, e visto que varios dos contratistas ofertaron melloras sinalando unha cuantía económica pero sin determinar as partidas incluidas no prezo ofertado, convocouselles para que concretasen o contido e finalidade das melloras ofertadas, resultando o seguinte:

(Os prezos sinalados no cadro son calculados en concepto de execución material).

| Contratista           | partida   | prezo total                      | Exec. material |
|-----------------------|---|----------------------------------|----------------|
| <b>Josybem</b>        | - Sustitución da fachada monocapa por fachada de chapado de granito 2cm---<br>- Mellora falso teito en zonas a determinar ---<br>- Mellora na calidade da carpintería interior ---<br>- Cambio do vidro exterior de baixa emisividade --- |                                  | 55624,74€      |
| <b>Novolar</b>        | - Mellora no acabado de fachada en pedra  | 29480,04€                        | 29480,04€      |
| <b>Arias Hermanos</b> | - Sustitución da fachada monocapa por fachada de chapado de granito 2cm<br>- Sustitución de termos eléctricos por ACS con enerxía solar   | 27310,92€<br>2941,18€            | 30252,10€      |
| <b>Covsa</b>          | - cambio de pavimento terrazo a linoleum  | 12779,11€                        | 12799,11€      |
| <b>Outón</b>          | - Sustitución da fachada monocapa por fachada de chapado de granito 2cm---<br>- Mellora do acristalamiento ---  |                                  | 19710,92€      |
| <b>Terrauga</b>       | - 113,091m persianas enrrollables de lamas PVC<br>- 79m de veteaugas de pedra<br>- 45,657m <sup>2</sup> de solado de granito  | 4478,40€<br>3280,15€<br>3107,87€ | 10866,42€      |

Comparando entre os seis contratistas as determinacións das melloras, resulta que catro das seis empresas determinan tanto en concepto como en cantidade as partidas a mellorar: Novolar, Arias Hermanos, Covsa e Terrauga.

Sen embargo, as empresas Josybem e Outón determinan o concepto da mellora pero non as cantidades nas que valoran cada partida, dando unha cantidade total para o conxunto das melloras.

A xuizo desta técnico, que non se cuantifique o valor da execución material á que ascende cada concepto segue a ser unha indefinición na oferta que obriga a negociar en obra os prezos que non veñen reflectidos no presuposto da obra, ademáis de non poder comparar cos demás contratistas que ofertan o mesmo concepto e que sí cuantifican económicoamente o valor de cada partida.

Polo tanto, se a Mesa ten en consideración esta circunstancia, as empresas Josybem e Outón seguen a ofertar as

melloras con certa indefinición, polo que se tería en consideración únicamente as seguintes empresas:

|   |
|---|
| 1º. Arias Hermanos Mellora dous conceptos (fachada e sist. auga quente) 30252,10€ |
| 2º. Novolar Mellora un concepto (fachada) 29480,04€                               |
| 3º. Covsa Mellora un concepto (pavimento) 12799,11€                               |
| 4º. Terrauga Mellora tres conceptos (persianas, veteaugas, pavimento) 10866,42€   |

Todo o cal se informa ós efectos oportunos en Poio, a 8 de agosto de 2008. Asina, Patricia Araujo Pazos".

A Mesa de Contratación mostra a conformidade co informe emitido e que responde en mellor medida aos problemas de valoración das ofertas recollidos na acta da Mesa de Contratación celebrada o 31 de xullo do 2008 e que deu lugar aos comentados requerimentos.

A indefinición descrita no informe técnico non permite cumplir coas esixencias do artigo 135.3º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público ao establecer:

"A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos candidatos ou licitadores e publicarase nun diario oficial ou no perfil do contratante do órgano de contratación, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 en canto á información que debe facilitarse a aquéles ainda que o prazo de remisión será de cinco días hábiles. **Nos procedementos negociados e de dialogo competitivo, a adxudicación provisional concretará e fixará os termos definitivos do contrato**".

E tampouco da propio prego. Na **Cláusula 15** ao referirse e describir as fases da negociación impón :"... **Comezarase pola aperura do sobre das melloras, que serán valoradas polos técnicos municipais previamente á apertura das proposicións económicas, procedéndose pola Mesa á valoración dos criterios establecidos no prego; seguidamente ou noutra sesión se fose necesario, a mesa formulará proposta das empresas (mínimo de 3 se é posible) seleccionadas para a negociación dos criterios de adxudicación**".

Desa forma os pregos deseñan un procedemento no que as melloras servirán de primer criterio de exclusión, accedendo tan solo á verdadeira negociación, as empresas resultantes.

**Esa mesma indefinición contradice varios dos principios informadores da adxudicación** establecidos no artigo 123 da Lei 30/2007, do 30 de outubro: igualdade de trato, transparencia e libre concurrencia e que suponen una trasposición ao dereito español da Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo y del Consejo, do 31 de marzo do 2004, xa que suponen concretar nun momento posterior o contido da mellora,

nunha fase na que se ten eliminado ou excluido aos restantes licitadores que non poden así igualar os términos da mellora finalmente aceptada, sendo necesario proceder a súa exacta delimitación con carácter previo non solo á adjudicación, senón por aplicación da mencionada cláusula 14º dos pregos, dos criterios automáticos e obxetivos, prazo e prezo.

En canto aos prazos ofertados, a Mesa non pode descoñecer o contido dos pregos aprobados que permiten chegar ata a reducción proposta por distintas empresas de tres meses.

Valorados os referidos criterios obxetivos e segundo os informes emitidos pola arquitecto municipal resulta a seguinte tabla de resultados por orde decrecente de puntuación:

| <b>EMPRESA</b>       | <b>MELLORAS máximo 5 puntos<br/>( prezo sen IVE )</b>                       | <b>PRAZO<br/>Máximo 3 puntos</b> | <b>PREZO<br/>Máximo 2 puntos</b> |             |
|----------------------|---|----------------------------------|----------------------------------|-------------|
| Arias Hermanos, S.L. | Fachada pedra e climatización (30.252,10€)=2,71                             | meses=3 puntos                   | 1.146.035,72€=0 puntos           | 5,71 puntos |
| Novo Lar, S.L.       | Fachada de pedra(29.480,04€)=2,65   | meses=1 punto                    | 1.029.880,00€=1 punto            | 4,65 puntos |
| COVSA                | Acabados interiores(12.779,11€)=1,15 puntos                                 | meses=1 punto                    | 1.123.115,01€=1 punto            | 2,54 puntos |
| Terrauga, S.L.       | Paneis control solar, fachada pedra e acabados interiores (10.866,42€)=0,98 | meses=1 punto                    | 1.132.627,10€=0,23 puntos        | 2,21 puntos |
| Josybem, S.L.        | Sen determinar=0 puntos   |                                  |                                  | 0,00 puntos |
| Outón, S.L.U.        | Sen determinar=0 puntos   |                                  |                                  | 0,00 puntos |

A empresa Balboa e Buceta, S.L. presentan una oferta de melloras por importe de 52.521,00 euros pero afectada polo mesmo problema que Josybem, S.L. e Outón, S.L.U., sen que teñan respondido ao requerimento de negociación efectuado pola Mesa de contratación para os efectos da definición de ditas melloras nos termos xa comentados, polo que se lle asignaría unha puntuación de 0 puntos. En aplicación da cláusula 14.1º do pregos, rexeitase a súa oferta económica por ter incluído unha proposta económica por contía de 1.413.970,66 euros e polo tanto por encima do prezo de licitación.

É preciso lembrar ademais que as empresas INDEZA, TECONSA e ROELJU, S.L. non ofertaron mellora ninguna quedando fora do proceso de previa valoración e polo tanto da negociación.

Entendendo rematada a negociación e tendo en conta que o expediente segur unha tramitación urgente que permita poder xustificar a anualidade correspondente ante a Consellería de Cultura e Deporte que actúa como axente financiador, ao abeiro dos informes técnicos emitidos pola funcionaria municipal e do establecido no artigo 89.5º da Lei 30/1992, do 30 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da Cláusula 14ª dos pregos e de acordo co exposto, a Mesa de Contratación polo voto favorable dos cinco

membros presentes, acordou elevar ao órgano de contratación á seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente as obras comprendidas no proxecto de "EXECUCIÓN DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ" a ARIAS HERMANOS, S.L. por un prezo de 1.146.035,72 euros correspondendo 987.961,83 ao orzamento de licitación e 158.073,89 euros ao Imposto sobre o Valor Engadido, prazo de execución de 5 meses quedando obrigado á realización das melloras que se describen de seguido con estricta suxección aos termos da oferta presentada:

- 470 m<sup>2</sup> de substitución da fachada monocapa por fachada chapada 2cm por un total de 32.000,00 euros más IVE.

- Substitución de termos eléctricos por auga quente sanitaria con enerxía solar, por valor de 3.500,00 euros más IVE.

Segundo: Requirir á empresa adxudicataria para que no prazo máximo de 10 días hábiles a partir da recepción da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil do contratante, presente documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Poio e coa Seguridade Social, xustificando igualmente a constitución en favor da entidade dunha garantía definitiva á que se refire o artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, LCSP, polo importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

Terceiro: Insertar o correspondente anuncio no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia para os efectos do establecido na cláusula 15<sup>a</sup> do Prego de cláusulas administrativas particulares e o artigo 135.4º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Cuarto: Dar traslado deste acordo á empresa adxudicataria provisional, xunto coas demais empresas admitidas á licitación, con indicación de que, tendo carácter de mero trámite, contra o mesmo, de conformidade co establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, non caberá interposición de recurso administrativo ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar levantouse a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do doce de agosto do dous mil oito, extendéndose a presente acta da que como Secretaria dou fe.

Poio, 12 de agosto do 2008.O Presidente. A  
Secretaria".

Durante a lectura da acta auséntase da sesión D. Javier Domínguez Lino e entra no Salón, D<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo.

Non formulándose debate ningún, e sometida a proposta formulada pola Mesa a votación ordinaria, polo voto favorable dos nove membros presentes e abstención por ausencia de D. Javier Domínguez Lino, a Comisión Informativa de facenda,

gobernación e contas ACORDOU:

Primeiro.- Ditaminar favorablemente á elevación á consideración do Pleno da proposta formulada pola Mesa de Contratación celebrada o 12 de agosto do 2008 correspondente ao contrato das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" polo procedemento negociado con publicidade, tramitación urxente."

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 22.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, e Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas aprobados por este órgano colexiado en sesión ordinaria realizada o 25 de xuño do 2008, o pleno ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á proposta da Mesa de Contratación celebrada o 12 de agosto do 2008 nos seus propios termos.

3155.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA FIXANDO CONTIDOS SERVIZOS ESENIAIS CONVOCATORIA FOLGA INDEFINIDA SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE POIO.

Iníciase este punto da orde do día dando conta do dictame emitido pola Comisión informativa de facenda, gobernación e contas con data 12 de agosto do 2008:

"2º. RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA FIXANDO CONTIDOS SERVIZOS ESENIAIS CONVOCATORIA FOLGA INDEFINIDA SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE POIO.

A continuación, os membros da Comisión Informativa procederon ao exame do contido do Decreto da Alcaldía do 11 de agosto do 2008 polo que se fixa o contido dos servizos esenciais ante a convocatoria de huelga efectuada polo comité de empresa da contratista adxudicataria do servizo de recollida R.S.U., limpeza viaria e desratización do Concello de Poio, Ferrovial CESPA, ao abeiro do establecido no artigo 10 do Real Decreto 17/1977, do 4 de marzo:

**"DECRETO.-** Con data 5 agosto do 2008 elévase á consideración da Alcaldía proposta da Concelleira de obras e servizos:

**"PROPOSTA.** Con data 17 de xullo do 2008 ten entrada no concello, número rexistro 3882, escrito da empresa concesionaria da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, "ferrovial CESPA" pola que poñen en coñecemento dos responsables do servizo o comunicado remitido á mesma do Comité de empresa de

levar a cabo unha huelga indefinida a partires do 16 de agosto do 2008.

Obra no expediente informe de Secretaría emitido a petición da Alcaldía co seguinte tenor:

**"Asunto: petición de informe convocatoria de huelga indefinida .**

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, Secretaria do concello de Poio, en cumprimento do disposto nos artigos 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 3 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e a petición do Alcalde emito o seguinte

**INFORME**

**1. Antecedentes de feito.**

- Con data 17 de xullo do 2008, número rexistro de entrada 3882, comunicase pola empresa concesionaria da xestión de residuos sólidos, urbanos do Concello de Poio, que segundo escrito recibido con data 16 de xullo do 2008, o Comité de Empresa pon no seu coñecemento a intención de convocar huelga indefinida a partires do 16 de agosto do 2008.

- Con data 29 de xullo do 2008 o Alcalde mediante Providencia solicita a emisión de informe de Secretaría comprensivo das actuacións a desenvolver polo concello.

**2. Consideracións xurídicas.**

**Primeira.- Consideración do dereito á huelga.**

Ubicado na Sección Primeira do Capítulo II do Título I da Constitución, o artigo 28.2º establece:

"Recoñécese o dereito á huelga dos traballadores para a defensa dos seus intereses. A Lei que regule o exercizo deste dereito establecerá as garantías precisas para a segurar o manteñemento dos servizos esenciais da comunidade".

Dito dereito goza das garantías definidas no artigo 53.2º da Constitución, entre as que se atopan, a posibilidade de tutela ante o Tribunal Constitucional mediante o Recurso de amparo e o exercizo de acción ante os Tribunais ordinarios a través dun procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade regulado nos artigos 114 a 122 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

O exercizo de dito dereito xunto con outras medidas de conflicto colectivo está regulada polo Real Decreto-Lei 17/1977, do 4 de marzo sobre realcións de traballo, que debe ser interpretada e aplicado segundo a STC 11/1981, de 8 de abril.

Non obstante o seu contido e exercizo non son absolutos senón que pode experimentar limitacións ou restriccións no seu exercizo derivadas da súa conexión con outros dereitos ou bens constitucionalmente protexidos ( STC 11/1981, fundamentos xurídicos 7º e 9º ).

Na medida que a destinataria e acredora daqueles servizos esenciais é a comunidade enteira e os servizos son ao mesmo tempo esenciais para ela, a folga non pode imponer o sacrificio dos xuros dos destinatarios dos mesmos; «o dereito da comunidade a estas prestacións vitais é prioritario respecto do dereito de folga » (STC 11/1981, fundamento xurídico 18).

#### **Segundo.- Servizo esencial.**

Por tanto é importante delimitar dende un primeiro momento qué debe entenderse por servizo esencial.

A STC núm. 362/1993 de 13 de decembro ( RTC 1993, 362) subliña que hai dúas concepcións posibles, unha segundo a cal teñen carácter esencial «aqueelas actividades industriais ou mercantís das que derivan prestacións vitais ou necesarias para a vida da comunidade», necesariedad e contido vital que serían así os seus trazos definidores. A outra versión, más ampla, non pon, a énfase tanto en «a natureza da actividade que se desprega» senón no resultado que con dita actividade preténdese. Máis concretamente, na natureza dos xuros a cuxa satisfacción a prestación se endereza. Para que o servizo sexa esencial deben ser esenciais os bens e xuros satisfeitos e como tales hai que considerar os dereitos fundamentais, as liberdades públicas e os bens constitucionais protexidos.

O dereito de huelga que pretende ser exercitado polos traballadores da empresa CESPA afecta ao servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, servizo declarado como de prestación obligatoria en todos os concellos con independencia da súa poboación polo artigo 26.1º.) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Dito servizo e polas razóns de salubridade que implica está directamente conectado ou vinculado co dereito á protección da saúde consagrado igualmente no artigo 43 da Constitución:

“Recoñecese o dereito á protección da saúde.

Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. A Lei establecerá os dereitos e deberes de todos ó respecto.”

E co dereito á protección do medio ambiente, artigo 45 da Constitución:

“Todos teñen dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa así como o deber de conservarlo”

A salubridade coma tal é unda das materias nas que os concellos ostentarán competencias de acordo co artigo 25.2º h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e igualmente e con carácter complementario ás que correspondan a outras administracións públicas, exercitarán e levarán a cabo actuacións en materia de sanidade e protección do medio ambiente segundo o artigo 28 da mesma norma.

A esta íntima conexión se refire, entre outras, a STSX

da Comunidade Autónoma de Madrid, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8<sup>a</sup> do 28 de febreiro de 2008, rec. 677/2000, que en un proceso de impugnación de servizos esenciais polo exercizo do dereito de huelga polos traballadores da adxudicataria da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos na zona norte do termo municipal de Móstoles no seu fundamento xurídico cuarto:

"CUARTO: Aplicando a precedente doutrina ao suposto de autos e sendo absolutamente incuestionable que o servizo público de retirada de residuos sólidos urbanos constitúe un servizo esencial en canto é imprescindible para garantir, entre outros, o dereito constitucional á saúde dos cidadáns, hai que examinar se neste caso concreto as restricións que se han imposto ao dereito de <> dos traballadores afectados rebasan os lexítimos límites aos que está suxeito e que derivan do necesario respecto á salubridade pública de terceiros, alleos ao conflito, que se ven afectados pola medida."

**Terceiro.- Garantías para asegurar o manteñemento dos servizos esenciais.Límites e requisitos.**

Sinala o Tribunal Supremo en Sentencia do 11 de abril do 2003, recurso de casación núm. 521/2000, fundamento xurídico sexto:

"..."

De conformidade coa STC 27/1989 do 3 de febreiro, a consideración dun servizo como esencial non pode supoñer a supresión do dereito de folga dos traballadores que houbesen de prestalo, senón a necesidade de dispoñer as medidas precisas para o seu manteñemento ou, o devandito doutra forma, para asegurar a prestación dos traballos que sexan necesarios para a cobertura mínima, dos dereitos, liberdades ou bens que satisfai dito servizo, sen que iso esixa acadar o nivel de rendemento habitual nin asegurar o seu funcionamento normal. A clase e número de traballos que haxan de realizarse para cubrir esa esixencia e, en definitiva, o tipo de garantías que haxan de disponerse con ese fin, non poden ser determinados de maneira apriorística, senón tras unha ponderación e valoración dos bens ou dereitos afectados, do ámbito persoal, funcional ou territorial da folga, da duración e demais características dessa medida de presión e, en fin, das restantes circunstancias que concorran no seu exercicio e que poidan ser de relevancia para acadar o equilibrio máis ponderado entre o dereito de folga e aqueloutros bens (comunidade afectada, existencia ou non de servizos alternativos, etc.), sen esquecer a oferta de preservación ou manteñemento de servizos que realicen os suxeitos convocantes ou traballadores afectados, o que aconteceu neste caso.

"..."

A decisión que se adopte fixando o contenido dos servizos esenciais tendo en conta o seu carácter de huelga

indefinida con que ten sido convocada deberá cumprir unha serie de requisitos seguindo a doutrina fixada polo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo:

a) **Xustificación e motivación** polo que se restrinxe o exercizo do dereito de huelga, esto é, o carácter esencial do servizo, de forma que a causalización e o feito ou conxunto de feitos que o xustifican debe explicarse coa finalidade de que os destinatarios coñezan as razóns polo que se limita tal exercizo, explicitando ainda que sexa de forma sucinta, os criterios seguidos para fixar o nivel dos servizos esenciais, de forma que polos Tribunais, no seu caso, e no seu momento, poda fiscalizarse a adecuación das medidas adoptadas:

- Esencialidade do servizo.
- Características da huelga convocada.
- Bens, intereses ou dereitos que poden quedar afectados.

- Traballo que non poden sufrir interrupción ou cuxa prestación debe manterse nalgúnha medida.

b) **Proporcionalidade:** a xuizo do TC a proporcionalidade excuse o normal funcionamento da empresa e implica a prestación dos traballo necesarios para a cobertura mínima dos dereitos, libertades ou bens que o propio servizo satisface, pero sin acadar o nivel de rendemento habitual.

#### **Cuarto.- Procedemento.**

De conformidade co artigo 10 do Real Decreto 17/1977:

"Artigo 10.-O Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo, tendo en conta a duración ou as consecuencias da folga, as posicións das partes e o prexuízo grave da economía nacional, poderá acordar a prosecución da actividade laboral no prazo que determine, por un período máximo de dous meses ou, de modo definitivo, mediante o establecemento dunha arbitraxe obligatorio. O incumprimento deste acordo poderá dar lugar á aplicación do disposto nos artigos 15 e 16.

Cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos. O Goberno, así mesmo, poderá adoptar a tales fins as medidas de intervención axeitadas."

Polos requisitos constitucionalmente esixibles de neutralidade e imparcialidade que han de presidir a determinación das actividades que deben ser mantidas en caso de huelga, a decisión adoptada ha de provenir inequívocamente da autoridade gubernativa asegurando así que dita decisión responda non a intereses empresariais, senón á necesidade de preservar os servizos esenciais para a comunidade ( SSTC 26/1981, 53/1986,

27/1989 ou 8/1992, do 16 de xaneiro ).

Comunicada pola empresa a decisión dos traballadores de proceder á convocatoria de huelga indefinida a partires do 16 de agosto do 2008, o 17 de xullo do 2008, cumprense as esixencias mínimas establecidas no artigo 4 do Real Decreto 17/1977, que impón u prazo de preaviso de dez días naturais.

Formado expediente no que se acredeite documentalmente a relación de medios materiais e humanos con que conta a empresa para a prestación do servizo, fixarase unha proposta de servizos esenciais que ainda que non se determine en modo ningún na normativa aplicable, podería estar suxeita a un trámite de audiencia, empresa e comité de huelga ao que se refire con carácter xeral o artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico e procedemento administrativo común, para que á vista das alegacións efectuadas, se ratifique ou se modifique o contido do Decreto ou acordo que finalmente se adopte.

En canto ao órgano competente para fixar o contido dos servizos esenciais, pode plantearse dous alternativas:

a) Que se aproben polo órgano de contratación que resultou competente para a adjudicación do servizo en atención aos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

b) Que se fixen por Decreto en canto adopción de medidas administrativas en caso de urxencia de conformidade co disposto no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, se fose un expediente de competencia plenaria, debendo ser sometido a súa posterior ratificación.

En caso de que se impugnase o seu contido ou se suscitere conflicto sobre as medidas adoptadas, o artigo 9 do Real Decreto Lei 17/1977 fai referencia á posibilidade de acudir a unha mediación, pese a que non se axusta estritamente á legalidade que unha administración pública poda someter a dito procedemento o exercizo dunha potestade pública.

#### **Quinto.- Intervención do concello.**

Segundo o transcrto artigo 10 do Real decreto lei 17/1977, do 4 de novembro:

**"O Goberno, así mesmo, poderá adoptar a tales fins as medidas de intervención axeitadas."**

A STC 11/1981, do 8 de abril, declara "... que non é inconstitucional o parágrafo 2º do artigo 10 que atribuie á autoridade gubernativa a potestade de dictar medidas necesarias para determinar o mantemento dos servizos esenciais á comunidade, en canto que o exercizo desta potestade está sometida á xurisdicción dos tribunais de xustiza e ao recurso de amparao ante este Trinunal".

Pero o derradeiro inciso do precepto vais más alá e permite que a Administración titular do servizo poda adoptar medidas de intervención.

Aprobado o expediente de contratación con data o 28 de

novembro de 2000 e adxudicada a xestión con data 13 de marzo do 2001, o réxime aplicable é xunto co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

O artigo 166 de dito texto refundido establece:

"Si do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá abonar á administración os danos e perxuizo que efectivamente lle teña irrogado."

A elo haberá que engadir o previsto no artigos 127.1.3<sup>a</sup> e 133 e seguintes do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais do 17 de xuño do 1955:

"Artigo 127.1. A Corporación concedente ostentará, sen perxuicio das que procedan , as potestades seguintes:

...

3<sup>a</sup>. Asumir temporalmente a execución directa do servizo nos casos nos que non o prestase ou non o piudese prestar o concesionario, por circunstancias imputables ou non ao mesmo.

Artículo 133.1. Si el concesionario incurriese en infracción de carácter grave que pusiera en peligro la buena prestación del servicio público, incluida la desobediencia a órdenes de modificación, la Administración podrá declarar en secuestro la concesión, con el fin de asegurar aquél provisionalmente.

2.-- El acuerdo de la Corporación deberá ser notificado al concesionario , y si éste, dentro del plazo que se le hubiere fijado, no corrigiera la deficiencia, se ejecutará el secuestro.

Artículo 134.1.-- En virtud del secuestro, la Administración se encargará directamente del funcionamiento del servicio y de la percepción de los derechos establecidos, utilizando para ello el mismo personal y material del concesionario , sin que pueda alterar las condiciones de su prestación.

2.-- Con ese fin, la Corporación designará un Interventor técnico que sustituirá plena o parcialmente a los elementos directivos de la Empresa.

3.-- La explotación se efectuará por cuenta y riesgo del concesionario, a quien se entregará, al finalizar el secuestro, el saldo activo que resultare después de satisfechos todos los gastos, incluso los haberes del Interventor.

135.1.-- El secuestro tendrá carácter temporal, y su duración máxima será: La que se hubiere establecido en el pliego

